

Expediente núm.: 390/2024

Resolución de Alcaldía

Procedemento: PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN DE PERSOAL.

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA O SAF.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Concello de Moeche conta cunha bolsa de traballo para a contratación de persoal auxiliar de axuda no fogar, para cubrir baixas e outras necesidades temporais.

Neste momento, é preciso contratar persoal para cubrir os períodos vacacionais, baixas laborais, permisos, licenzas e outras necesidades circunstanciais de persoal propio do SAF.

Por este motivo, e debido á obrigatoriedade e necesidade de cubrir o servizo das persoas usuarias, é preciso proceder á contratación, por vía de urxencia, de persoal de axuda no fogar.

Por todo o exposto, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar as bases para a contratación laboral temporal de persoal para postos de auxiliar de axuda no fogar para substitución de períodos vacacionais, baixas laborais, permisos, licenzas e outras necesidades circunstanciais

SEGUNDO.- Nomear ao seguinte tribunal de selección:

- Presidenta: María Raquel Novo Montes
- Secretaria: M^o del Pilar Pazo González
- Vogal: Daniel Feijoo Ferreiro

TERCEIRO.- Instar ao persoal municipal, e nomeadamente ao tribunal de selección, para que proceda, á maior brevidade, cos trámites para a urxente contratación do persoal temporal citado.

Concello de Moeche

Rúa da Feira, 32, MOECHE. 15563 (A Coruña). Tfno. 981404006. Fax: 981404200



ANEXO

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA O SAF

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

O obxecto das presentes bases é marcar os criterios de selección de traballadores e traballadoras para cubrir, de urxencia postos de traballo persoal do SAF municipal para cubrir períodos vacacionais, baixas laborais, permisos, licenzas e outras necesidades circunstanciais.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO:

As características do posto e as funcións do persoal que se pretende contratar serán:

- Posto: Auxiliares do SAF
- Período de contratacións: contrato interinidade para a substitución dunha traballadora con reserva de posto de traballo, durante o tempo no que a traballadora fixa á que substitúa estea en situación de baixa por IT.
- Horario: máximo 37,5 h/semanais deberá estar dispoñible de luns a venres según planificación anual de realización de fines de semana e festivos.
- Características xerais dos postos: terán que asumir as tarefas propias dunha auxiliar de SAF, segundo se recolle na RPT, no regulamento municipal do SAF e na normativa en vigor. Os desprazamentos aos domicilios realizaranse en vehículo propio.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A publicidade das bases deste proceso selectivo faranse mediante a web municipal (www.moeche.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O resto de anuncios sucesivos vinculados a este proceso selectivo faranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Moeche.

CUARTA.- REQUISITO DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder tomaren parte no proceso de selección será necesarioi que as persoas aspirantes reúnan os seguintes requisitos:

Concello de Moeche

Rúa da Feira, 32, MOECHE. 15563 (A Coruña). Tfno. 981404006. Fax: 981404200



- Ter a nacionalidade española e ser maior de 16 anos, con idade non superior á de xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade para o acceso dos nacionais dos Estados membros da UE, así como das persoas estranxeiras residentes en España.
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública, nin estar en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións
- Ser persoa inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego e estar dispoñible para o traballos
- Dispoñer de vehículo propio e carné de conducir B
- Contar coa titulación de Persoal Técnico de coidados auxiliares de enfermería, Persoal Técnico de atención sociosanitaria, certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio.

QUINTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o seguinte:

- Introducción da oferta no SPEG, sondaxe e derivación das persoas candidatas por parte do servizo
- Fase de concurso: valoración de méritos achegados polo SPEG
- Puntuación final e proposta de persoas candidatas á Alcaldía

SEXTA.- CHAMAMENTO E DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR

Unha vez recibidos os currículos das persoas candidatas, enviados por parte do SPEG, procederanse a realizar unha listaxe de persoas admitidas, consonte aos requisitos sinalados, que será publicada na web e no taboleiro de anuncios.

Concello de Moeche

Rúa da Feira, 32, MOECHE. 15563 (A Coruña). Tfno. 981404006. Fax: 981404200



SÉTIMA.- FASE DE CONCURSO

Na fase de concurso valorarase a experiencia previa de cada aspirante aportada polo SPEG, cun máxima de 10 puntos.

- Valóranse os servizos prestados en calquera das Administracións públicas, en réxime laboral ou funcionarial, como auxiliar de axuda no fogar, a razón de 0,20 puntos por mes de traballo, a xornada completa ata un máximo de 10 puntos.
- Valoraranse os resvizos prestados como auxiliar de axuda no fogar, en empresas privadas, a razón de 0,10 puntos por mes de traballo, a xornada completa ata un máximo de 10 puntos.

OITAVA.- VALORACIÓN FINAL

Unha vez rematada a valoración da fase de concurso, o tribunal sumará os puntos obtidos por cada persoa candidata e propondrá á Alcaldía o nomeamento das persoas que obtivesen as puntuacións máis elevadas.

No caso de empate terán preferencia as persoas que non perciban ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate, seleccionaranse as persoas con data de maior antigüidade en situación de desemprego.

O resto de persoas que non fosen eliminadas durante o proceso selectivo formarán unha lista de agarda, á que se recorrerá no caso de ter que a realizar contratacións de substitucións das persoas seleccionadas inicialmente, ou doutras integrantes do SAF durante o tempo no que non haxa persoas dispoñibles da bolsa de traballo regulada.

NOVENA.- TRIBUNAL

O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

- Presidenta: María Raquel Novo Montes
- Secretaria: M^o del Pilar Pazo González
- Vogal: Daniel Feijoo Ferreiro

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo, así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura das prazas convocadas, podendo propoñer a incorporación dos asesores especialistas que estimen necesarios, con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando neles concorran circunstancias previstas de abstención recollidas na normativa de procedemento

Concello de Moeche

Rúa da Feira, 32, MOECHE. 15563 (A Coruña). Tfno. 981404006. Fax: 981404200





administrativo común. Ademais, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dese calquera das circunstancias de abstención.

Para a válida actuación do tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros.

Moeche, na data da sinatura electrónica

A Alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

Concello de Moeche

Rúa da Feira, 32, MOECHE. 15563 (A Coruña). Tfno. 981404006. Fax: 981404200

